



Posicionamento da Coordinadora Galega de ONGD en relación as Caravanas Solidarias

Santiago de Compostela, 8 setembro 2010

Ante o debate xurdido na sociedade española sobre a oportunidade ou necesidade de realizar caravanas solidarias que leven axuda humanitarias a poboacións de países empobrecidos, a Coordinadora galega de ONGD quere expresar o seu punto de vista, nos seguintes termos:

1. A Coordinadora **respecta** as iniciativas solidarias de calquera persoa ou entidade
2. Todas as iniciativas solidarias deben ter como **obxectivo a loita contra a pobreza**. Non deben servir para a satisfacción de necesidades persoais nin para xustificar solidariedades mal entendidas.
3. As iniciativas deben ser eficientes e sustentables no tempo. As **caravanas solidarias non cumpren estas condicións**. O que non impide que se poidan realizar de modo puntual ou cun obxectivo de sensibilización á poboación dos países ricos. Con todo, cómpre lembrar que as ONG modernas teñen deixado de facelas.
4. As caravanas solidarias son **expresións de solidariedade de tempos pasados**, ao igual que o envío de materiais en especie (comida, roupa, calzado, etc.), que está demostrado que poden romper os mercados locais e impedir o desenvolvemento de pequenos talleres e industrias.
5. O material humanitario debe ser **solicitado previamente polo país de destino**, e adquirido, de ser posible, nos mercados do país ou nos países da zona. E o exemplo correcto do Centro Loxístico Humanitario da Cooperación Española en Panamá. Unicamente en determinadas condicións (inexistencia deses produtos na zona, falla de garantías sanitarias –no caso de medicamentos- tecido comercial roto por desastres naturais ou conflitos) é procedente facer envíos desde o país doante.
6. As doazóns de material **deben respectar a lexislación de cada país** (non enviar produtos prohibidos) e prever que haxa que pagar tarifas nas alfándegas por introducilo no país. A xustificación do envío non debe ser que sobra no país rico, ou que son residuos que se poden aproveitar sen pagar os custos de eliminación.



Coordinadora
Galega de ONG para
o Desenvolvemento

7. **Hai empresas especializadas** en realizar este tipo de transporte a prezos competitivos.
8. As administracións públicas só deben apoiar actividades que cumpran os **estándares internacionais da acción humanitaria**.

Para máis información

Helena Capera Cullell
Área de Comunicación da CGONGD
sensibilizacion@galiciasolidaria.org
981 58 51 89
618 62 6627